

# Sobre os premios literarios: Anxos Sumai



MIGUEL ANXO  
FERNÁN  
VELLO

***Repsol Coruña  
aposta por primar e  
premiar a creación  
literaria galega no  
xénero narrativo***

**C**oincido coa celebración que fixo o profesor Anxo Tarrío neste mesmo xornal arredor do éxito obtido pola escritora Anxos Sumai ao ser galardoada co Premio de Narrativa Breve Repsol 2007. Somos moitos os que celebramos –o xuri, en primeira instancia, e os organizadores do certame tamén, do mesmo xeito– unha nova obra literaria desta escritora de ‘culto’, particularmente seguida por lectores e crítica, e neste caso marcada felizmente por un premio que na súa segunda edición atinxe

xa un brillo pouco común. Gañou a primeira convocatoria do certame o poeta, xornalista e dramaturgo Miguel Sande e imponse agora o nome dunha autora que desde a súa primeira obra publicada, ‘Anxos de garda’ (2003), marcou unha liña de esixencia artística e literaria que a sitúa entre os grandes valores da narrativa actual. Velaquí, pois, a importancia dos premios literarios, esa sorte de ‘xustiza poética’ que establecen e fixan os concursos de letras convocados con rigor e levados a cabo, dende o seu proxec-

to inicial até a súa definición e conclusión final, coa máxima calidade en forma e fondo e cunha competencia recoñecíbel en todos os sentidos. O Premio de Narrativa Breve Repsol é, sen dúbida, un destes premios. E a cultura galega, o espazo literario galego, debe agradecer que unha empresa tan importante teña creado unha vía de celebración da literatura galega e dos seus autores e autoras, cumprindo e actualizando así a vella función que establecerá Caius Maecenas e que recolleron no seu día os emblemáticos Medi-

ci: a celebración material da obra artística e do seu creador. O actual director de Repsol na Coruña, o sevillano Rafael Rubio, e o subdirector de Xestión de Recursos, Miguel Gutiérrez, apostan decididamente, na práctica, por primar e premiar a creación literaria galega no xénero narrativo. Benzóns a eles. E a Francisco Pillado, verdadeira “alma mater” ideolóxica dun certame que só con dúas convocatorias foi capaz de xerar o máximo interese e que nos vai permitir felizmente ler por todo o alto a Anxos Sumai.●